

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL PARA A CONSTITUCIÓN DE CATRO (4) BRIGADAS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento para a selección e contratación temporal de persoal para a constitución de catro (4) brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais, no marco do convenio interadministrativo suscrito coa Consellería do Medio Rural para a consolidación do programa no que se establecen 22 brigadas de prevención e extinción de incendios por un período de seis meses, cofinanciado parcialmente polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

Cada brigada estará integrada por:

- unha persoa coa categoría de xefe/a de brigada e
- Tres ou catro persoas coa categoría de peón de brigada

En consecuencia, convócanse:

- 4 prazas de xefe/a de brigada
- 16 prazas de peóns de brigada

No caso de non poder cubrirse a totalidade das prazas de peón, as brigadas poderán constituírse cun mínimo de tres persoas nesta categoría.

SEGUNDA.- TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

As contratacións realizaranse mediante contrato laboral de duración determinada vinculado á execución dun programa público temporal, ao abeiro do disposto na disposición adicional quinta do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, a xornada completa.

A duración dos contratos estenderase desde a data efectiva de incorporación ata o 3 de novembro de 2026, sen que en ningún caso poida exceder o período máximo de operatividade previsto no convenio interadministrativo suscrito coa Consellería do Medio Rural.

As persoas integrantes das brigadas realizarán labores de prevención de incendios forestais sempre que non sexan requiridas para a defensa contra os incendios, con plena dispoñibilidade, incluídos domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite que resulten necesarias.

TERCEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

Constitúe o obxecto dos contratos o desenvolvemento das funcións propias dos postos de traballo integrantes das brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais, no marco



do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural, a Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, a Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín, a Mancomunidad de Municipios da Comarca do Carballiño, a Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria Terra de Celanova, a Mancomunidad Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense e a Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria Santa Águeda, para a consolidación do programa no que se establecen 22 brigadas de prevención e extinción de incendios por un período de seis meses, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratégico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

As funcións comprenderán:

- **Traballos de prevención:** rozas manuais e mecanizadas, así como investigación do estado das parcelas da rede secundaria de xestión de biomasa forestal, conforme ao Programa de Actuacións Preventivas (PAP).
- **Traballos de vixilancia e defensa:** actuacións de vixilancia, apoio á defensa contra incendios forestais e colaboración en tarefas de extinción cando sexan requiridas, de conformidade coas instrucións operativas establecidas polos servizos competentes.

CUARTA.- REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES

Para seren admitidas no proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou atoparse nalgún dos supostos previstos no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos dezoito anos de idade e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas propias do posto, debendo acreditar, con carácter previo á incorporación efectiva, a aptitude médica necesaria para o desenvolvemento das funcións encomendadas.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- e) Figurar inscritas como demandantes de emprego ou en situación de mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- f) Non estar incursas en causa legal de incompatibilidade ou incapacidade conforme á normativa vixente.
- g) Reunir os requisitos específicos esixidos para cada posto de traballo conforme ao establecido nas presentes bases.

QUINTA.- REQUISITOS ESPECIFICOS E TITULACIÓNS

a) Xefe/a de brigada:

- estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: enxeñería de montes, enxeñería técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil, ou formación profesional oficialmente equivalente
- Permiso de conducir tipo B en vigor.

b) Péon de brigada

- Non se require titulación mínima.



- Na composición final de cada brigada deberá figurar, polo menos, unha persoa seleccionada que estea en posesión do permiso de conducir tipo B en vigor.

c) Coñecemento de galego: Acreditar un nivel mínimo de CELGA 2 ou equivalente.

No caso de non posuír certificación acreditativa do coñecemento da lingua galega, a persoa aspirante deberá realizar, no mesmo acto de desenvolvemento das probas selectivas, unha proba destinada a comprobar o nivel de coñecemento do idioma galego necesario para o adecuado desempeño das funcións do posto.

Á vista do seu desenvolvemento, o tribunal cualificará este requisito como **apto/a** ou **non apto/a**.

d) Formación obrigatoria: Todas as persoas seleccionadas deberán realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais co contido mínimo establecido no anexo II do convenio: comportamento do lume e factores de propagación, ferramentas e técnicas de extinción, liñas de defensa, traballo con vehículo motobomba, seguridade laboral e prevención de riscos, primeiros auxilios, EPI e comunicacións, conducción todoterreo e manexo de medios aéreos.

Este curso deberá realizarse con carácter previo ao inicio da operatividade ou, como máximo, nos dous primeiros días desta. É obrigatorio para todo o persoal seleccionado, aínda que o tivese realizado anteriormente.

SEXTA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A Mancomunidad Terra de Celanova formulará as correspondentes ofertas de emprego perante o Servizo Público de Emprego de Galicia, a través da oficina pública de emprego de Celanova.

A publicidade da convocatoria realizarase mediante anuncio na páxina web da Mancomunidad Terra de Celanova (www.terradecelanova.es), no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Mancomunidad (<https://terradecelanova.sedelectronica.gal>).

Todos os anuncios sucesivos relativos ao proceso selectivo, incluídas listas provisionais e definitivas, convocatorias de probas, puntuacións e proposta de contratación, publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Mancomunidad Terra de Celanova, que terán carácter oficial para os efectos de información ás persoas interesadas, sen prexuízo da súa difusión complementaria por outros medios.

SETIMA.- INSCRIPCIÓN E ADMISIÓN

Para formar parte no proceso selectivo, as persoas interesadas deberán figurar inscritas como demandantes de emprego ou en situación de mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e cumprir os requisitos establecidos para cada posto na data de formulación da correspondente oferta de emprego.

Remitada a relación de aspirantes preseleccionados por parte do Servizo Público de Emprego, serán convocadas por dito servizo (ou pola Mancomunidad) para a realización do proceso selectivo

Todos os anuncios faranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Mancomunidad Terra de Celanova

As persoas candidatas preseleccionadas que desexen participar no proceso selectivo deberán



presentar a correspondente solicitude dirixida á Presidencia da Mancomunidad, conforme ao modelo previsto no anexo I.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase mediante anuncio no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Mancomunidad Terra de Celanova

Coa solicitude deberanse achegar os seguintes documentos:

- Copia do documento nacional de identidade (DNI) ou documento equivalente.
- Copia da titulación esixida e, de ser o caso, do permiso de condución requirido.
- Copia da documentación acreditativa dos méritos que se aleguen.

A Mancomunidad poderá requirir en calquera momento a exhibición dos **documentos orixinais ou copias auténticas** co fin de comprobar a veracidade da documentación achegada.

Dita solicitude dirixirase ó Sr.Presidente, presentándose, preferiblemente de xeito presencial en horario de 9.00 h a 14.00 h nas oficinas supramunicipais, no Rexistro Xeral da Mancomunidad Terra de Celanova ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas. A documentación a incluír será a mesma que si se presentase a solicitude no Rexistro Xeral da Mancomunidad.

Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral, é necesario que os/as interesados/as, dentro do prazo de presentación, remitan a Mancomunidad polo e-mail admin@terradecelanova.es a solicitude presentada, avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr.Presidente ditará unha resolución provisional coa listaxe de admitidos e excluídos, coa causa de exclusión (de non existir exclusións a resolución coa listaxe será definitiva, indicando as datas para a realización das probas aos aspirantes), e concederá un prazo de 2 días hábiles para a subsanación dos motivos de exclusión.

Unha vez rematado dito prazo, aprobarase, polo mesmo órgano, a listaxe definitiva de admitidos neste proceso selectivo e tamén as datas previstas de realización das probas aos aspirantes.

As listaxes e todos os acordos e resolucións do tribunal publicaranse na sede electrónica da Mancomunidad Terra de Celanova e no taboleiro de anuncios, identificándose aos aspirantes co seu nome e apelidos.

OITAVA.- PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso selectivo desenvolverase mediante o sistema de **concurso-oposición**, estruturado nas seguintes fases:

FASE OPOSICIÓN:

1.-Proba física. (Eliminatoria) Todas as persoas aspirantes deberán realizar unha proba física de esforzo destinada a comprobar a aptitude necesaria para o desempeño das funcións propias do posto, de conformidade co establecido no convenio interadministrativo e coa recomendación técnica aplicable do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

A proba terá carácter eliminatorio e cualificarase como **apto/a ou non apto/a**.
Recoméndase levar roupa lixeira transpirable e permítese levar líquidos para hidratación.



2.-Proba teórica.

A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado será de **6 puntos**.

A proba consistirá na realización dun exame tipo test composto por 20 preguntas con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta.

-Cada resposta correcta puntuarase con 0,30 puntos.

-Cada resposta incorrecta penalizarase con 0,10 puntos negativos.

O contido da proba versará sobre:

a) Coñecemento do territorio.

b) A prevención e a loita contra os incendios forestais.

c) Prevención de riscos laborais nas brigadas de prevención e extinción de incendios forestais.

3. Proba práctica:

A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado será de **6 puntos**.

Consistirá na realización dunha ou varias probas prácticas relacionadas coas funcións propias do posto convocado, adecuadas ao nivel e categoría profesional correspondente, orientadas a comprobar a aptitude, os coñecementos e a destreza das persoas aspirantes no manexo de ferramentas, equipamentos e na execución de tarefas propias da prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais.

A proba terá carácter eliminatorio, sendo necesario obter unha puntuación mínima de 3 puntos para superala.

FASE CONCURSO DE MÉRITOS:

1.-Experiencia profesional.

A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado será de **5 puntos**.

Valorarase exclusivamente a experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo directamente relacionados coas funcións propias dos postos convocados, no ámbito da prevención, vixilancia, defensa ou extinción de incendios forestais, a razón de 0,20 puntos por mes completo de servizos prestados

A experiencia profesional deberá xustificarse mediante **informe de vida laboral acompañado de certificado de empresa, contrato de traballo ou documentación equivalente na que conste de forma expresa o posto desempeñado e o período de prestación de servizos**.

Só se valorará a experiencia cando quede suficientemente acreditada a relación directa entre as funcións desempeñadas e o posto obxecto da convocatoria. Non se valorarán períodos nos que non se poida identificar claramente o posto ou categoría profesional, nin aqueles nos que non quede acreditado o exercicio real das funcións propias do posto, incluídos os de carácter formativo ou en prácticas.

Cómputo do tempo: Rexeitaranse as fraccións de tempo inferiores ao mes (30 días), sen prexuízo da súa posible acumulación ata completar períodos mensuais. Os contratos a tempo parcial valoraranse proporcionalmente á xornada realizada.



2.-Formación.

A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado será de **3 puntos**.

Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados coas funcións dos postos de traballo convocados e realizados ou impartidos polas Administracións públicas ou homologados por elas, conforme ao seguinte baremo:

- de menos de 15 horas: **0,10 puntos**
- de 16 a 40 horas: **0,20 puntos**
- de 41 a 70 horas: **0,35 puntos**
- de 71 a 100 horas: **0,50 puntos**
- de máis de 100 horas: **0,75 puntos**

Só se valorarán aqueles cursos directamente relacionados coas funcións propias do posto convocado.

Non se valorarán cursos nos que non conste o número de horas lectivas nin aqueles que correspondan á mesma acción formativa ou que presenten contidos substancialmente idénticos, cando así se desprenda de maneira clara da documentación achegada.

NOVENA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado por un presidente, tres vogais e un secretario, sendo nomeados polo Presidente da Mancomunidad e publicados no Taboleiro de anuncios.

O tribunal poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

O tribunal formulará proposta de contratación a favor das persoas aspirantes que acaden maior puntuación total, así como relación ordenada de suplentes para posibles substitucións.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

DECIMA.- PUNTUACIÓN FINAL , PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E LISTA DE RESERVA

A puntuación final das persoas aspirantes obterase mediante a suma das puntuacións acadadas nos distintos apartados do baremo, unha vez superadas as probas de carácter eliminatorio previstas nas presentes bases.

Unha vez realizada a valoración das probas e dos méritos, farase pública a relación provisional de puntuacións no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Mancomunidad.

Os/as interesados/as disporán dun prazo de dous días hábiles, contado dende o seguinte ao da publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas.

Resultas as alegacións, o órgano competente aprobará a proposta de contratación a favor das persoas aspirantes que acaden maior puntuación final, de conformidade co número de postos convocados e coa composición final das brigadas.

En caso de empate na puntuación final, resolverase atendendo sucesivamente á maior puntuación



obtida na proba práctica, na experiencia profesional, na proba teórica e na formación. Xunto coa proposta elaborárase unha lista de reserva coas persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo, por orde decrecente de puntuación final, para cubrir posibles renuncias, baixas ou substitucións durante o período de execución do convenio.

UNDECIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

As persoas aspirantes propostas deberán incorporarse na data que se determine pola Mancomunidad Terra de Celanova.

Con carácter previo á incorporación efectiva, as persoas aspirantes propostas deberán acreditar a aptitude necesaria para o desempeño do posto mediante o correspondente recoñecemento médico, que certifique que reúnen as condicións físicas e de saúde precisas para o desenvolvemento das funcións propias da brigada.

A non incorporación sen causa xustificada determinará a perda do dereito á contratación e o chamamento da seguinte persoa aspirante segundo a orde da lista de reserva.

O contrato de traballo quedará suxeito ao período de proba legalmente establecido conforme á normativa laboral de aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA.- RETRIBUCIÓN

As retribucións brutas mensuais serán as seguintes:

- **Xefe/a de brigada:** 1.700,00 € mensuais.
- **Peón/peoa de brigada:** 1.424,50 € mensuais.

As contías indicadas teñen carácter bruto e inclúen todos os conceptos salariais, así como a parte proporcional das pagas extraordinarias.

DÉCIMO TERCEIRA.- NORMATIVA REGULADORA

O proceso selectivo rexeráse polo disposto nas presentes bases e, no non previsto nelas, polo establecido na normativa vixente en materia de emprego público, réxime local, procedemento administrativo e lexislación laboral de aplicación, así como polo convenio interadministrativo suscrito coa Consellería do Medio Rural para o desenvolvemento das brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais achegados polas persoas aspirantes serán tratados pola Mancomunidad Terra de Celanova, en calidade de responsable do tratamento, coa finalidade exclusiva de xestionar o presente proceso selectivo e, de ser o caso, a contratación derivada do mesmo.



A base xurídica do tratamento é o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o exercicio de poderes públicos conferidos á entidade convocante.

Os datos persoais poderán ser publicados no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Mancomunidad Terra de Celanova na medida en que resulte necesario para o desenvolvemento do proceso selectivo, conforme aos principios de publicidade e transparencia aplicables.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recollen e coas obrigas legais aplicables.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e demais dereitos recoñecidos na normativa vixente, mediante solicitude dirixida á Mancomunidad Terra de Celanova.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación do tratamento dos datos persoais achegados nos termos indicados.

O Presidente
Jaime Sousa Seara

A Secretaria-interventora
María Dolores Villar Álvarez



ANEXO I**MODELO DE SOLICITUDE**

D./D^a _____, con DNI/NIE _____, con domicilio en _____, teléfono _____ e correo electrónico _____,

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria pública efectuada pola Mancomunidade Terra de Celanova para a selección e contratación temporal de persoal para a constitución de catro (4) brigadas de prevención e extinción de incendios forestais, ao abeiro do convenio interadministrativo subscrito coa Consellería do Medio Rural para o desenvolvemento de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais durante o exercicio 2026,

SOLICITA:

Ser admitido/a no proceso selectivo para o posto de:

- Xefe/a de brigada
- Peón de brigada

E declara baixo a súa responsabilidade:

- que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria
- que son certos os datos consignados nesta solicitude
- que achega a documentación acreditativa correspondente
- que acepta integramente as bases que rexen o proceso selectivo

Achega a seguinte documentación:

- Documento nacional de identidade (DNI/NIE)
- Titulación académica esixida, se procede
- Permiso de condución tipo B, se procede
- Documentación acreditativa da experiencia profesional alegada
(informe de vida laboral acompañado de certificado de empresa, contrato de traballo ou documentación equivalente)
- Documentación acreditativa da formación alegada
(cursos, xornadas ou seminarios relacionados co posto convocado)
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega (CELGA 2 ou equivalente)
- Outra documentación complementaria: _____



Protección de datos

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais achegados serán tratados pola Mancomunidad Terra de Celanova exclusivamente para a xestión do presente proceso selectivo.

A presentación desta solicitude implica o coñecemento e aceptación do tratamento dos datos persoais achegados para os fins propios da convocatoria.

En _____, a ____ de _____ de 2026

Sinatura:

SR. PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA

